



**Resolución do 26 de febreiro de 2016, da Axencia Galega de Infraestructuras, pola que se aproba provisionalmente a delimitación da liña límite de edificación da estrada autonómica AC-862 Ferrol (FE-14) – L.P. Lugo, na súa marxe esquerda e no seu treito situado entre os PPQQ 63+140 e 63+320, e acórdase someter a antedita delimitación a información pública e á consideración do Concello de Ortigueira.**

O Concello de Ortigueira solicitou o pasado 14 de xaneiro de 2016 a redución da liña límite de edificación da estrada autonómica AC-862, ao seu paso polo solo de núcleo rural de Loiba, entre os PPQQ 63+140 e 63+320 da antedita estrada, en aplicación da excepcionalidade recollida no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Á vista do informe da Área de Planificación e Programación sobre o asunto, é polo que:

RESOLVO:

Trala análise dos aspectos anteriores, proponse:

- Aprobar, ao abeiro do establecido no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, con carácter provisional, a delimitación da liña límite de edificación da estrada autonómica AC-862, segundo o plano que se achega, que supón a seguinte redución, con respecto á establecida con carácter xeral na antedita Lei:
  - o Pola marxe esquerda redúcese a liña límite de edificación de 15 m a 13,5 m dende a liña exterior da delimitación da calzada, entre os PPQQ 63+140 e 63+320.
- Tramitar a antedita delimitación segundo o procedemento establecido no artigo 85 do Regulamento Xeral de Estradas, aprobado por Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, o cal supón:
  - o Sometela a información pública, polo prazo de trinta días hábiles, anunciándoa no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ortigueira, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida formular as alegacións que estime pertinentes.
  - o Remítala ao Concello de Ortigueira, a fin de que, en dito prazo e un mes mais, se manifeste.



Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2016

O director da Axencia Galega de Infraestructuras

Francisco Menéndez Iglesias